

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

5194 *Orde ITC/606/2011, do 16 de marzo, pola que se determina o contido e a forma de remisión da información sobre os prezos aplicables aos consumidores finais de electricidade ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.*

O artigo 45.1.i da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, establece a obriga das empresas comercializadoras de preservar o carácter confidencial da información de que teña coñecemento no desempeño da súa actividade, cando da súa divulgación poidan derivar problemas de índole comercial, sen prexuízo da obriga de información ás administracións públicas.

Así mesmo, o artigo 71.2.f) do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, establece como obriga das empresas comercializadoras a de lles comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e á Administración competente a información que se determine sobre tarifas de acceso ou peaxes, prezos, consumos, facturacións e condicións de venda aplicables aos consumidores, distribución de consumidores e volume correspondente por categorías de consumo, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico.

A Orde do ministro de Industria e Enerxía, do 19 de maio de 1995, sobre información de prezos aplicables aos consumidores industriais finais de electricidade, determina a información que debe ser comunicada polas empresas subministradoras de electricidade aos consumidores finais da industria, co obxecto de dar cumprimento ao disposto na Directiva 90/377/CEE do Consello, do 29 de xullo de 1990, relativa a un procedemento comunitario que garanta a transparencia dos prezos aplicables aos consumidores industriais finais de gas e electricidade.

Na actualidade faise necesario adaptar a Orde do 19 de maio de 1995 á nova metodoloxía que se establece na Directiva 2008/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008, relativa a un procedemento comunitario que garanta a transparencia dos prezos aplicables aos consumidores industriais finais de gas e de electricidade, tendo en conta o novo marco lexislativo do sector eléctrico, homoxeneizando a información que as empresas subministradoras facilitan á Administración para poder trasladala de forma agregada a nivel nacional á Oficina Estatística das Comunidades Europeas (Eurostat).

De acordo co prescrito na disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, a Comisión Nacional de Enerxía emitiu o seu preceptivo informe sobre o proxecto desta orde. O dito informe ten en consideración as alegacións formuladas no trámite de audiencia realizado mediante consulta aos representantes no Consello Consultivo de Electricidade.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a determinación do contido e a forma de remisión da información sobre os prezos aplicables aos consumidores finais de electricidade, tanto industriais coma domésticos, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio por todas as empresas comercializadoras de enerxía eléctrica.

Artigo 2. Suxeitos obrigados e información que se deberá remitir.

1. As empresas comercializadoras de enerxía eléctrica terán a obriga de remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a información sobre consumidores finais de electricidade nas condicións e prazos que se detallan nos anexos desta orde.

2. As ditas empresas comunicarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a información solicitada durante os 45 días naturais seguintes ao último mes do período a que se refira esta. Esta información elaborárase conforme modelo establecido nos anexos desta orde.

3. Se a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comprobábase que existen anomalías e incoherencias significativas nos datos comunicados, poderá solicitar ás empresas que sexan postos no seu coñecemento de forma desagregada os datos pertinentes, así como os procedementos de cálculo ou de estimación en que se baseen os datos presentados co fin de avaliar ou mesmo rectificar toda información que se xulgase anormal.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas remitirá a información recibida, unha vez homoxeneizada e, de ser o caso, depurada, á Oficina Estatística das Comunidades Europeas (Eurostat) nos dous meses seguintes ao período a que corresponda.

Artigo 3. Comunicación electrónica da información.

1. De acordo co establecido no artigo 32 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a información presentarase exclusivamente por vía electrónica, con certificado electrónico, no Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, co formato e nos prazos establecidos nos anexos desta orde.

2. Para estes efectos, os citados anexos cos modelos correspondentes estarán dispoñibles para cubrilos e envalos por vía electrónica na sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

3. Todas as comunicacións entre o suxeitos obrigados e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas se realizarán exclusivamente a través de medios electrónicos. De non se utilizaren os ditos medios electrónicos, a citada dirección xeral requirirá a correspondente emenda, advertindo que, de non ser atendido o requirimento, a presentación carecerá de validez ou eficacia.

Artigo 4. Confidencialidade.

1. A información recibida pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que, pola súa natureza, se poida considerar segredo comercial das empresas, non poderá ser divulgada e poderase utilizar unicamente con fins estatísticos.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, esta información confidencial poderase publicar en forma de agregados estatísticos nos cales non se poidan identificar as transaccións comerciais individuais.

Artigo 5. Transmisión individual da información.

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio dará acceso á Comisión Nacional de Enerxía a aquela información que sexa necesaria para o exercicio das súas funcións, en condicións que manteñan a seguridade, confidencialidade e integridade desta.

2. As comunidades autónomas poderán solicitar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio acceso a aquela información que sexa necesaria para o exercicio das súas competencias, en condicións que manteñan a súa seguridade, confidencialidade e integridade.

Disposición adicional única. *Cumprimento da Directiva 2008/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008.*

A información que reciba a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas en virtude do establecido nesta orde servirá para dar cumprimento ao disposto na Directiva 2008/92/

CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008, relativa a un procedemento comunitario que garanta a transparencia dos prezos aplicables aos consumidores industriais finais de gas e de electricidade.

Disposición transitoria única. Remisión da información por medios electrónicos.

1. As empresas non estarán obrigadas a remitir a información por medio do Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ata a data en que se implementase e sexa accesible o procedemento electrónico de remisión da información a que fai referencia o artigo 3.1 desta orde.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas procederá a lles comunicar ás empresas comercializadoras a data en que o dito procedemento resultará aplicable.

2. Ata ese momento os envíos de información poderanse realizar en soporte físico electrónico ou por vía electrónica á Dirección Xeral de Política Enerxética, a través dos medios habilitados para iso, co formato e nos prazos establecidos nos anexos desta orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas a Orde do ministro de Industria e Enerxía, do 19 de maio de 1995, sobre información de prezos aplicables aos consumidores industriais finais de electricidade e, en xeral, cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Madrid, 16 de marzo de 2011. -O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Miguel Sebastián Gascón.

ANEXO I

Información semestral

1. A información que con carácter semestral as empresas comercializadoras de enerxía eléctrica terán a obriga de remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas deberase completar e recoller de acordo co establecido no apéndice deste anexo e coa seguinte metodoloxía.

a) Os prezos que se deberán comunicar en cada caso son os prezos pagados polos consumidores industriais e domésticos finais que adquiren a electricidade para o seu propio uso.

b) Consideraranse todos os usos industriais e domésticos da electricidade, agás os correspondentes a subministracións eventuais ou de tempada.

c) Os prezos rexistrados basearanse nun sistema de bandas de consumo estándar definidas dentro duns límites anuais de consumo de electricidade.

Os prezos da electricidade serán examinados para as seguintes categorías de consumidores:

Industriais

Bandas de consumidores industriais	Consumo anual (MWh)	
	Límite inferior	Límite superior
Banda - IA.	< 20	
Banda - IB.	20	< 500
Banda - IC.	500	< 2 000
Banda - ID.	2 000	< 20 000
Banda - IE.	20 000	< 70 000
Banda - IF.	70 000	< = 150 000
Banda - IG.	> 150 000	

Domésticos

Bandas de consumidores domésticos	Consumo anual (kWh)	
	Límite inferior	Límite superior
Banda - DA	< 1 000	
Banda - DB	1 000	< 2 500
Banda - DC	2 500	< 5 000
Banda - DD1	5 000	< 8 000
Banda - DD2	8 000	< 15 000
Banda - DE	≥ 15 000	

d) As empresas recollerán os datos mencionados na alínea anterior os días 1 de xaneiro e 1 de xullo de cada ano, e referiranse aos prezos medios pagados pola electricidade polos consumidores finais durante os seis meses anteriores. As empresas comunicaranllos á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas durante os 45 días naturais seguintes ao último mes do período a que se refiran estes.

e) As empresas comercializadoras incluírán nos prezos os seguintes conceptos correspondentes á facturación que corresponda en cada período: tarifas de acceso á rede, prezo da enerxía consumida, menos calquera rebaixa ou prima. Non se deben incluír os gastos de acometidas, enganche ou verificación.

Esta información deberase completar coa desagregación que se recolle no apéndice deste anexo. Esta desagregación dos prezos da electricidade nos seus principais compoñentes terá en conta o seguinte:

O prezo completo da electricidade por banda de consumo será o resultado de sumar os prezos de cada un dos seguintes compoñentes:

«Tarifa de acceso» prezo obtido a partir dos datos de facturación das tarifas de acceso respecto ao volume de enerxía subministrada.

«Enerxía e subministración» obtidas a partir dos datos de facturación da enerxía subministrada, é dicir, desde a xeración ata a comercialización, agás as tarifas de acceso.

Todos os impostos e gravames.

Débense indicar tres niveis de prezos medios obtidos a partir dos compoñentes citados:

Prezos (prezo tarifa de acceso + prezo de enerxía subministrada) sen impostos nin gravames.

Prezos (prezo tarifa de acceso + prezo de enerxía subministrada) sen IVE e sen outros impostos recuperables por parte do consumidor.

Prezos (prezo tarifa de acceso + prezo de enerxía subministrada) con todos os impostos, gravames e IVE.

f) Os prezos deberanse expresar en euros por kWh con catro decimais.

g) Unha vez ao ano, xunto coa información correspondente aos prezos de xaneiro, deberáselles comunicar unha descrición daqueles impostos, taxas ou gravames de aplicación ás vendas de electricidade aos consumidores finais de carácter non estatal, especificando se son de carácter autonómico ou local.

APÉNDICE
Información que deberán enviar as empresas comercializadoras

1. Consumidores industriales. Empresa comercializadora:
Período a que corresponden os datos:

Subministración en mercado libre:

Bandas de consumidores industriales	Consumo anual (MWh)		Número de clientes	Energía mercado libre (MWh) (A)	Potencia facturada (MW) (B)	Tarifas de acceso				Facturación energía a mercado libre sen impostos recuperables (€) (E)	Facturación energía a mercado libre sen IVE nin outros impostos recuperables (€) (F)	Facturación energía a mercado libre con todos os impostos e IVE (€) (G)
	Límite inferior	Límite superior				Facturación tarifa de acceso sen impostos (€) (B)	Facturación tarifa de acceso sen IVE nin outros impostos recuperables (€) (C)	Facturación tarifa de acceso con todos os impostos e IVE (€) (D)				
Banda - IA		<20										
Banda - IB	20	< 500										
Banda - IC	500	<2 000										
Banda - ID	2 000	<20 000										
Banda - IE	20 000	<70 000										
Banda - IF	70 000	<=150 000										
Banda - IG		> 150 000										

O número de clientes será a media do número de clientes do período a que corresponda.

Bandas de consumidores industriales	Consumo anual (MWh)		Facturación total sen impostos (€) (B)+(E)	Facturación total sen IVE nin outros impostos recuperables (€) (C)+(F)	Facturación total con todos os impostos e IVE (€) (D)+(G)	Facturación aluguer de equipamentos de medida e control (€)	Límites de tensión de subministración	
	Límite inferior	Límite superior					Tensión máxima (kV)	Tensión mínima (kV)
Banda - IA		<20						
Banda - IB	20	< 500						
Banda - IC	500	<2 000						
Banda - ID	2 000	<20 000						
Banda - IE	20 000	<70 000						
Banda - IF	70 000	<=150 000						
Banda - IG		> 150 000						

Bandas de consumidores industriais	Consumo anual (MWh)		Prezos		
	Límite inferior	Límite superior	Prezo total sen impostos (€/kWh) (B+E)/(A)	Prezo total sen IVE nin outros impostos recuperables (€/kWh) (C+F)/(A)	Prezo total con todos os impostos e IVE (€/kWh) (D+G)/(A)
Banda - IA	<20				
Banda - IB	20	< 500			
Banda - IC	500	<2 000			
Banda - ID	2 000	<20 000			
Banda - IE	20 000	<70 000			
Banda - IF	70 000	<=150 000			
Banda - IG	> 150 000				

2. Consumidores domésticos. Empresa comercializadora:

Período a que corresponden os datos:

A) Subministración en mercado libre:

Bandas de consumidores domésticos	Consumo anual (kWh)		Número de clientes	Energía mercado libre (MWh) (A)	Tarifas de acceso			Facturación tarifa de acceso con todos os impostos e IVE (€) (D)	Facturación enerxía a mercado libre sen IVE nin outros impostos recuperables (€) (F)	Facturación enerxía a mercado libre con todos os impostos e IVE (€) (G)
	Límite inferior	Límite superior			Potencia facturada (MW)	Facturación tarifa de acceso sen IVE nin outros impostos recuperables (€) (C)	Facturación tarifa de acceso sen impostos (€) (B)			
Banda - DA	<1 000									
Banda - DB	1 000	<2 500								
Banda - DC	2 500	<5 000								
Banda - DD1	5 000	<8 000								
Banda - DD2	8 000	<15 000								
Banda - DE	≥15 000									

O número de clientes será a media do número de clientes do período a que corresponda.

Bandas de consumidores domésticos	Consumo anual (kWh)		Mercado libre			Límites de tensión de subministración		
	Límite inferior	Límite superior	Facturación total sen impostos (€) (B)+(E)	Facturación total sen IVE nin outros impostos recuperables (€) (C)+(F)	Facturación total con todos os impostos e IVE (€) (D)+(G)	Facturación aluguer de equipamentos de medida e control (€)	Tensión máxima (kV)	Tensión mínima (kV)
Banda - DA	<1 000							
Banda - DB	1 000	<2 500						
Banda - DC	2 500	<5 000						
Banda -DD1	5 000	<8 000						
Banda -DD2	8 000	<15 000						
Banda - DE		≥15 000						

Bandas de consumidores domésticos	Consumo anual (kWh)		Prezos		
	Límite inferior	Límite superior	Prezo total sen impostos (€/kWh) (B+E)/(A)	Prezo total sen IVE nin outros impostos recuperables (€/kWh) (C+F)/(A)	Prezo total con todos os impostos e IVE (€/kWh) (D+E)/(A)
Banda - DA		<1 000			
Banda - DB	1 000	<2 500			
Banda - DC	2 500	<5 000			
Banda -DD1	5 000	<8 000			
Banda -DD2	8 000	<15 000			
Banda - DE		≥15 000			

B) Subministración de último recurso:

B1) Subministración de consumidores con dereito a TUR:

Bandas de consumidores domésticos	Consumo anual (kWh)		Número de clientes	Energía a tarifa (MWh) (A)	Potencia facturada (MW)	Tarifa de último recurso					Límites de tensión de subministración		
	Límite inferior	Límite superior				Facturación tarifa sen impostos (€) (B)	Facturación tarifa sen IVE nin outros impostos recuperables (€) (C)	Facturación tarifa con todos os impostos e IVE (€) (D)	Facturación aluguer de equipamentos de medida e control sen impostos (€) (E)	Facturación aluguer de equipamentos de medida e control con IVE (€) (F)	Tensión máxima (kV)	Tensión mínima (kV)	
Banda - DA	<1 000												
Banda - DB	1 000	<2 500											
Banda - DC	2 500	<5 000											
Banda -DD1	5 000	<8 000											
Banda -DD2	8 000	<15 000											
Banda - DE		≥15 000											

O número de clientes será a media do número de clientes do período a que corresponda.

Bandas de consumidores domésticos	Consumo anual (kWh)		Prezos		
	Límite inferior	Límite superior	Prezo tarifa sen impostos (€/kWh) (B)/(A)	Prezo tarifa sen IVE nin outros impostos recuperables (€/kWh) (C)/(A)	Prezo tarifa con todos os impostos e IVE (€/kWh) (D)/(A)
Banda - DA	<1 000				
Banda - DB	1 000	<2 500			
Banda - DC	2 500	<5 000			
Banda -DD1	5 000	<8 000			
Banda -DD2	8 000	<15 000			
Banda - DE		≥15 000			

B.2) Subministración de consumidores aos cales, sen teren dereito a TUR, se les aplica o réxime transitorio establecido no artigo 21 da Orde ITC 1659/2009:

Bandas de consumidores domésticos	Consumo anual (kWh)		Número de clientes	Energía a tarifa (MWh) (A)	Potencia contratada (MW)	Tarifa de último recurso					Límites de tensión de subministración		
	Límite inferior	Límite superior				Facturación tarifa sen impostos (€) (B)	Facturación tarifa sen IVE nin outros impostos recuperables (€) (C)	Facturación tarifa con todos os impostos e IVE (€) (D)	Facturación aluguer de equipamentos de medida e control sen impostos (€)	Facturación aluguer de equipamentos de medida e control con IVE (€)	Tensión máxima (kV)	Tensión mínima (kV)	
Banda - DA		<1 000											
Banda - DB	1 000	<2 500											
Banda - DC	2 500	<5 000											
Banda -DD1	5 000	<8 000											
Banda -DD2	8 000	<15 000											
Banda - DE		≥15 000											

O número de clientes será a media do número de clientes do período a que corresponda

Bandas de consumidores domésticos	Consumo anual (kWh)		Prezos		
	Límite inferior	Límite superior	Prezo tarifa sen impostos (€/kWh) (B)/(A)	Prezo tarifa sen IVE nin outros impostos recuperables (€/kWh) (C)/(A)	Prezo tarifa con todos os impostos e IVE (€/kWh) (D)/(A)
Banda - DA		<1 000			
Banda - DB	1 000	<2 500			
Banda - DC	2 500	<5 000			
Banda -DD1	5 000	<8 000			
Banda -DD2	8 000	<15 000			
Banda - DE		≥15 000			

ANEXO II

Información anual

1. A información que con carácter anual as empresas comercializadoras de enerxía eléctrica terán a obriga de remitir á Dirección Xeneral de Política Enerxética e Minas, xunto ao envío de xaneiro da información do semestre anterior, deberase completar e recoller de acordo co establecido neste anexo.

2. A información que se deberá enviar será a seguinte:

a) Consumidores industriais: enviarase anualmente a desagregación dos prezos medios (en €/kWh con catro decimais) para a categoría de prezos sen IVE e sen outros impostos recuperables por parte do consumidor, en caso de existiren.

Datos de prezos:

Consumidor industrial	Enerxía (kWh)	Prezos en €/kWh				
		Total sen IVE nin outros impostos recuperables	Enerxía & subministración	Tarifa de acceso	Aluguer de equipamentos de medida e control	Impostos e taxas non recuperables (imposto especial electricidade)
Banda - IA						
Banda - IB						
Banda - IC						
Banda - ID						
Banda - IE						
Banda - IF						
Banda - IG						

Os compoñentes de prezo calcularanse sobre a base dos datos enviados correspondentes a cada un dos semestres do ano de referencia, tendo en conta o seguinte:

«Enerxía e subministración» obtidas a partir dos datos de facturación da enerxía subministrada, é dicir, desde a xeración ata a comercialización, agás as tarifas de acceso.

«Tarifa de acceso» prezo obtido a partir dos datos de facturación das tarifas de acceso, aos cales se engadirá a facturación por aluguer de equipamentos de medida e control, respecto ao volume de enerxía subministrada.

Impostos e taxas non recuperables, que se corresponden co valor resultante de aplicar os impostos e taxas non aplicables por parte do consumidor sobre os conceptos pertinentes.

Aluguer de equipamentos de medida: facturación por aluguer de equipamentos de medida e control, respecto ao volume de enerxía subministrada.

b) Consumidores domésticos: enviarase anualmente a desagregación dos prezos medios (en €/kWh con catro decimais) para a categoría de prezo total con todos os impostos e IVE.

Datos de prezos:

Consumidor doméstico	Energía (kWh)	Prezos en €/kWh				
		Total con todos os impostos e IVE	Energía & subministración	Tarifa de acceso	Aluguer de equipamentos de medida e control	Todos os impostos e IVE
Banda - DA						
Banda - DB						
Banda - DC						
Banda - DD1						
Banda - DD2						
Banda - DE						

Os compoñentes de prezo calcularanse sobre a base dos datos enviados correspondentes a cada un dos semestres do ano de referencia, tendo en conta o seguinte:

«Energía e subministración» obtidas a partir dos datos de facturación da enerxía subministrada, é dicir, desde a xeración ata a comercialización, agás as tarifas de acceso.

«Tarifa de acceso» prezo obtido a partir dos datos de facturación das tarifas de acceso, aos cales se engadirá a facturación por aluguer de equipamentos de medida e control, respecto ao volume de enerxía subministrada.

Todos os impostos e IVE, que corresponde co valor resultante de aplicar os impostos e IVE sobre os conceptos pertinentes.

Aluguer de equipamentos de medida: facturación por aluguer de equipamentos de medida e control, respecto ao volume de enerxía subministrada.